

---

## MEMORIA UNIDADE DE IGUALDADE 2011-2012

---

A Unidade de Igualdade organizou o 16 de decembro de 2011 a *I Xornada de Innovación Educativa en Xénero* na que se presentaron 17 comunicacións e cuxa lección inaugural foi impartida por Eulalia Pérez Sedeño, investigadora do CSIC. Editouse unha publicación recollendo as comunicacións da Xornada.

Para o ano académico 2011-2012 a Unidade de Igualdade levou a cabo as seguintes actividades para impulsar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na Universidade de Vigo en colaboración con toda a comunidade universitaria:

### Primeiro cuadrimestre:

- Ciclo de cine: As mulleres de Irán e Afganistán no cine iraní
- Xornada: Mulleres universitarias galegas durante o franquismo
- Ciclo de conferencias: Xénero, coñecemento e Ciencias
- Xornada: Estás no mercado? Xornada sobre a situación laboral das mulleres galegas
- Ciclo de documentais: O persoal e o político: Documentando a loita das mulleres pola igualdade
- Ciclo de conferencias: A introdución da perspectiva de xénero en áreas e ámbitos de coñecemento
- Ciclo de cine: Pensar o cine III: Muller e igualdade no cine

### Segundo cuadrimestre:

- Xornada: Que hai de novo nos feminismos?
- Xornada: Ciclo Identidades e tránsitos
- Xornada Pasado e presente das artistas. O contexto galego
- Ciclo de conferencias: Oriente Medio: outras mulleres. Occidente: outras olladas
- Obradoiro: Investigación en feminino
- Xornadas de feminismo
- Palestra: A muller no deporte: na conquista da igualdade
- Conferencia: A institucionalización da igualdade: avances, retrocesos e incertezas
- Obradoiro: A figura andróxena na arte e nos mass media
- Ciclo de cine, conferencias e exposición: Tecendo fíos de inxustiza global, vida e traballo das mulleres do téxtil
- Palestra: A muller no fogar: traballo digno

En torno ao 25 de novembro Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, convocouse o *Curso de formación en xénero e violencia de xénero. Re-Xenérate* de 30 horas de duración con asistencia de 27 alumnas.

Relacionado co mesmo día, organizouse o concerto teatralizado de Patricia ( Chévere) *Hei estar vixiándote. I'll be watching you* que se levou a cabo nos 3 campus universitarios cunha media de asistencia de 25 persoas por acto.

Co gallo do 8 de marzo, *Día Internacional das Mulleres*, a Unidade de Igualdade organizou o ciclo *Pioneiras: unha homenaxe ás primeiras loitadoras polos dereitos das mulleres* que se desenvolveu co seguinte programa:

Campus de Pontevedra:

Día 8 de marzo

*Retrato rebelde dunha surrealista*, conferencia de Antón Castro

Proxección do documental *Maruja Mallo. Mitad ángel, mitad marisco*, produción de

Acción Cultural Española

Campus de Ourense:

Día 15 de marzo

*Clara Campoamor, cidadá antes que muller*, conferencia de María Teresa Arias Bautista,

Proxección da película *Clara Campoamor. La mujer olvidada*

Campus de Vigo:

Día 23 de marzo

*Emilia Pardo Bazán e a causa da muller*, conferencia de Ana María Freire López coa

presenza de José Manuel González Herranz.

Proxección da película *Emilia Pardo Bazán, a condesa rebelde*

A Unidade de Igualdade ten como unha das súas prioridades contribuír á visibilizar as manifestacións artísticas das mulleres e a súa incursión na sociedade da contorna máis próxima. Por iso, patrocinou as seguintes actividades:

- II Ciclo Novas Creadoras Galegas no Festival de Teatro Alternativo de Vigo que tivo lugar o 8 e 9 do mes de marzo
- Espazo Escritorio dentro do festival SINSAL X que se desenvolveu o día 14 de abril no Museo de Arte Contemporánea de Vigo
- Colaboración no Festival Sinsal Illa de San Simón que se celebra os días 24 e 25 de xullo

Coa mesma orientación, levouse a cabo o I Proxecto de Visibilización das obras artísticas das alumnas da Facultade de Belas Artes de Pontevedra que repartiu máis de 30.000 postais de balde entre toda a comunidade universitaria e cuxa obra exposta en lona na área comercial do Campus de Vigo foi visitada por numeroso público e medios de comunicación.

Durante o ano 2011-2012 continuouse desenvolvendo a acción formativa «Técnicas para evitar o sexismo lingüístico no ámbito administrativo: lingua escrita» de 4 horas de duración, e «Técnicas para evitar o sexismo lingüístico no ámbito administrativo: lingua oral» de 2 horas polas que pasou xa todo o persoal de administración e servizos.

En colaboración coa Área de Formación e Innovación Educativa a Unidade de Igualdade organizou dentro do Programa de Formación Permanente de Profesorado o curso para PDI «Presenza das mulleres na historia do coñecemento» impartido no campus de Ourense durante os meses de abril e maio cunha duración de 20 horas.

Impartíronse tamén 4 horas de docencia «A perspectiva de xénero na docencia universitaria» no Curso de iniciación á formación para a docencia universitaria.

O 21 de setembro tivo lugar a sesión constitutiva da Comisión de Igualdade que actualmente está traballando na elaboración *do I Plan de igualdade entre mulleres e homes da Universidade de Vigo (2012-2014)*

Durante o primeiro cuatrimestre do ano 2011-2012, foi revisada por dúas bolseiras de formación a documentación institucional publicada a través da páxina web da Universidade de Vigo para adaptala a unha linguaxe non sexista.

Ademais, recentemente a Unidade de Igualdade puxo a disposición de toda a comunidade universitaria unha base de datos dos equipos de investigación que están a desenvolver liñas de investigación en xénero na Universidade de Vigo como modo de contribuír á difusión da investigación en xénero e a súa transferencia de coñecemento á sociedade.

En canto á participación en encontros, xornadas e seminarios, a Universidade de Vigo estivo representada nos seguintes foros de debate e reflexión:

- «Encontro das unidades de igualdade das universidades españolas» realizado en Barcelona os días 12 e 13 de marzo
- «Seminario de Innovaciones científicas e perspectiva de xénero» realizado en Madrid os días 12 e 13 de abril
- «Xornada Xénero e documentación II: A recuperación da memoria do movemento feminista» organizado polo Consello da Cultura Galega o 27 de xuño
- «I Xornada O acoso sexual no ámbito universitario» organizado pola Universitat Illes Balears durante os días 28 e 29 de xuño